



O PSdeG dille ó alcalde de Portomarín que está obsesionado con "botar balóns fóra", pois os investimentos provinciais no concello superan os 2,5 millóns

"Tiveron que chegar ós socialistas á Deputación para saldar a débeda histórica do canon hidroeléctrico con este municipio, que, malia que non tiña sentenza xudicial favorable, recibiu 320.000 euros", destacou Pilar García Porto

O concello beneficiase de iniciativas provinciais que lle reportan grandes vantaxes como o Innova-TE, co que contará cunha praza wifi e asesoramento gratuíto en novas tecnoloxías; o plan de aforro enerxético, co que reducirá o consumo de luz en ata un 20%; ou melloras de servizos básicos no rural por valor de 160.000 euros

"A única trama nesta provincia é a trama franquista do PP", asegurou a socialista, quen instou a Serrano a "ser valente e reclamar ós Gobernos de Feijóo e Rajoy que cumpran coas súas responsabilidades no concello"

O PSdeG da provincia de Lugo subliñou que a Deputación leva investidos máis de 2,5 millóns de euros na mellora e dotación de servizos e infraestruturas do concello de Portomarín dende os socialistas presiden o organismo lugués. Ademais, "tivo que chegar o PSdeG ó goberno provincial para saldar a débeda histórica do canon hidroeléctrico con este municipio. Malia non ter unha sentenza xudicial favorable, Portomarín recibiu case 320.000 euros cos que puido arranxar vías e comprar unha pala cargadora. En cambio, o PP, a pesar de estar máis de dúas décadas na Deputación e despois de tantas reclamacións foi incapaz de pagar esa débeda, prolongando unha inxustiza á que lle puxo fin Besteiro", asegurou a socialista e deputada provincial Pilar García Porto.

"Estes son soamente dous significativos exemplos" de que ás críticas á xestión da Deputación vertidas polo alcalde de Portomarín, Juan Serrano, "non son máis que froito da súa obsesión por botar balóns fóra tratando de xustificar a súa inoperancia e a dos Gobernos de Feijóo e Rajoy no seu concello, atacando a Gómez Besteiro, algo que vén facendo continuamente dende que é alcalde". "Os seus delirios non coinciden coa realidade", subliñou García Porto, quen afirmou que a "única trama desta provincia é a trama franquista do Partido Popular".

"Á vista de todos os veciños"

Os froitos da xestión da entidade provincial en Portomarín, engadiu, "están á vista de todos os veciños, e o alcalde, por moito que se empeñe, non os pode tapar coas súas difamacións", indicou a socialista, quen lembrou actuacións acometidas pola Deputación como melloras de servizos básicos no rural por valor de 160.000 euros, principalmente traídas de auga en lugares como Castro San Martín, Fontellada ou Vilar; acondicionamento de estradas como a de Alto do Valiño a Valdeporrás, a de Recelle ou a de San Xiao, e pistas en Vilaxuste, Vilariño ou Soengas; a mellora de instalacións como o campo de fútbol, o centro social de Castrolázaro, a creación dun parque infantil...

Portomarín tamén se beneficiou do Plan de Obras e Servizos, que, "por certo, Rajoy deixou de financiar e que continúa adiante grazas á colaboración de Deputación e Concellos",

lembrou a deputada. En 2012, o goberno de Serrano elixiu levar a cabo o acondicionamento da rúa do Miño, para o que a Deputación xa comprometeu a súa achega de 12.700 euros, sen que "polo momento se saiba nada de cando contratará o concello a obra, un trámite da súa competencia".

Plans de aforro provinciais

Os socialistas consideran unha "verdadeira desfachatez" as manifestacións de Serrano, cando ademais Portomarín se está a beneficiar de iniciativas do organismo provincial que lle reportan grandes vantaxes e aforros, como as seguintes:

- O plan Innova-TE, grazas ó que aforra preto de 340.000 euros na implantación da administración electrónica, e, entre outros servizos, contará con praza wifi e con asesoramento personalizado e in situ sobre novas tecnoloxías por parte dun equipo de profesionais.
- Plan de aforro enerxético, co que a Deputación lle fixo gratis unha auditoría que ten un custe no mercado de 10.000 euros, e co que dotará tamén de balde a dependencias municipais de equipamento eficiente, permitíndolle rebaixar a factura anual en ata un 20%.
- Estudo integral da facturación eléctrica, un proxecto que lle permitirá reducir custes no consumo enerxético e que lle sairá totalmente gratuíto, cando no mercado ten un prezo aproximado de 5.000 euros.
- Sistema de Recadación Provincial, co que evita numerosos custes ó delegar na Deputación os trámites administrativos para o cobro de impostos e taxas municipais, e recibe un anticipo mensual do que recadará a final de ano que mellora a súa liquidez.
- Servizos xurídicos. A pesar de contar con asesor e secretario, e de que llo reprochaba ó anterior goberno local socialista, o alcalde segue a facer uso da asesoría xurídica. De feito, o pasado ano, recibiu asistencia gratuíta en 5 pleitos.

"Isto é castigo, é marxinação?", preguntouse García Porto, "non señor Serrano, esta é unha boa xestión que cubre necesidades básicas dos veciños e impulsa o desenvolvemento do concello, ó contrario do que está a facer Feijóo e Rajoy, que recortan en dependencia, servizos sociais, sanidade, educación, emprego, baleiran de competencias ós pequenos concellos como Portomarín, afogan o rural..." Neste senso, a socialista instou ó rexedor a "ser valente, deixar de botar balóns fóra e reclamar ó Goberno galego e central que cumpran coas súas competencias e responsabilidades, e que deixen de asfixiar ós concellos".

Lugo, 10 de setembro de 2013

Saúdos,
Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo